

ESTEREOTIPOS QUE NON TE LIMITEN

XVI Encontro
de Participación

11.06.25
Santiago de Compostela

Organiza



Colaboran



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



ESCOLA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

XVI Encontro Galego de Participación

Durante o XVI Encontro Galego da Participación, baixo o lema “Estereotipos, que non te limiten”, máis de 80 persoas -participantes e técnicas de distintas entidades galegas¹- estivemos a traballar na elaboración de propostas de mellora para erradicar situacións de discriminación por mor de estereotipos e prexuízos.


Este documento recompila todas as propostas que aportaron participantes de distintas entidades galegas membro de EAPN Galicia para que estes estereotipos e prexuízos deixen de ser obxecto de limitación dos recursos básicos e esenciais, así como situacións discriminatorias por parte dos profesionais que os encabezan.



É imprescindible unha formación continua para as persoas traballadoras de cara ao público na administración e entidades sociais en materia de migración, xénero e calquera eido social que facilite unha maior empatía coas persoas solicitantes de calquera servizo. Á vez, que é pertinente que vaia da man de sancións para as profesionais que teñan actitudes ou condutas racistas, xenófobas, aporófobas, que se materializan en tratos discriminatorios ante as persoas en situación de vulnerabilidade.

Os discursos de odio tan estendidos na nosa sociedade contribúen en gran medida a perpetrar estes estereotipos. A impunidade que da o anonimato en redes sociais favorece a *viralización* de argumentos discriminatorios á poboación máis vulnerable e historicamente oprimida. Por iso vemos necesario contrarrestar estes discursos con campañas derribando estes mitos e bulos, utilizando ferramentas para ter un maior alcance (influencers, personaxes famosos).

¹ Accem, AGARESO, Fundación de Solidaridad Amaranta, Asociación de Migrantes de Galicia-Amiga, Boa Vida Inclusión Activa, Cáritas Mondoñedo- Ferrol, COGAMI, Dano Cerebral Galicia, Down Coruña, Ecos do Sur, Emaús, Fundación Esplai, Fundación JuanSoñador, Fundación Secretariado Gitano, Fundación Ronsel, Hogar Sí, Movemento pola Paz e Asociación Provivienda.



ESTEREOTIPOS QUE NON TE LIMITEN

XVI Encontro
de Participación

11.06.25
Santiago de Compostela

Organiza



Colaboran



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



ESCOLA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

Por outra banda, púxose de manifesto as dificultades de acceso a información, a falta de equidade, así como a excesiva burocracia que deriva en extensos prazos que afectan directamente ás persoas máis vulnerables. A continuación resumimos por apartados os temas traballados durante o XVI Encontro Galego de Participación.




PROPOSTAS DOS GRUPOS DE TRABAJO

1. Formación continua ás profesionais que traballan de cara ao público na administración e entidades sociais..

- Formación en xénero, igualdade, aporofobia, interculturalidade...
- Contar con mediadores interculturais que coñezan os idiomas das persoas de orixe e as claves culturais.
- Cambiar o tipo de linguaxe: linguaxe inclusivo onde poñamos as persoas no centro.
- Fomentar máis representación nas administracións de las persoas de colectivos vulnerables.

2. Sancións a profesionais que exerzan condutas ou tratos discriminatorios na administración pública, entidades sociais e/ou empresas.

- Promover a medición rápida da satisfacción trala atención dende os servizos públicos en relación coa calidade da atención.
- Avaliación e valoración das medidas e programas postos en práctica.
- Denuncia anónima do denunciante, non do denunciado.
- Incrementar a supervisión e seguimento das persoas empregadas públicas.



ESTEREOTIPOS QUE NON TE LIMITEN

XVI Encontro
de Participación

11.06.25
Santiago de Compostela

Organiza



Colaboran



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE




ESCOLA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

3. Redución da burocracia e dos trámites na administración pública e equidade no acceso á información.

- Simplificación burocrática e celeridade nos procesos.
- As prestacións ou recursos para persoas en situación de vulnerabilidade deben responder a unha atención personalizada, integral e cun enfoque centrado na persoa.
- “Xanela única”: os servizos sociais dos concellos como porta de acceso.
- Maior coordinación e colaboración entre os concellos, administracións e entidades sociais.
- Creación e divulgación de guías públicas de axudas sociais.
- Linguaxe accesible na documentación e información de axuda.
- Loitar contra a fenda dixital: manter as atencións presenciais, dotar de recursos informáticos á poboación que non ten posibilidade de adquirilos, promoción de lugares onde poder realizar as xestións de maneira telemática.
- Promover acordos entre entidades e administracións para que as entidades sociais poidan xestionar e axilizar os apoios e trámites para desconxestionar os servizos sociais.

4. Sensibilización da comunidade

- Campañas de sensibilización nas redes contra os discursos de odio, contando coa participación de persoas en situación de vulnerabilidade, entidades sociais e personaxes famosos ou influencers.
- Apoio e fomento de programas por parte dos concellos e entidades gobernamentais para a implicación e inclusión das persoas de colectivos vulnerables nos espazos públicos.
- Responsabilidade individual: non compartir bulos ou discursos de odio na contorna social, redes sociais ou sistemas de mensaxería instantánea. Reclamar unha normativa reguladora en base a un código ético para evitar que os medios de comunicación difundan mensaxes discriminatorios e discursos de odio.



ESTEREOTIPOS QUE NON TE LIMITEN

XVI Encontro
de Participación

11.06.25
Santiago de Compostela

Organiza



Colaboran



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



ESCOLA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

OBRADOIROS PREVIOS

Como en anos anteriores, as entidades, individualmente ou en conxunto con outras, organizaron obradoiros previos, para os cales se lles facilitou o material necesario. Neles as persoas participantes familiarízanse coas temáticas a tratar e garántese unha participación máis efectiva o día do encontro.


Este ano o taller constou de dúas dinámicas:

- A primeira abordaba a exposición de casos particulares, xa foran vividos en primeira persoa ou sendo testemuña deles. Neste parte, as persoas participantes tiñan que escribir unha restrición ou dificultade de acceso a algún servizo a través dun estereotipo do que foran vítima directa ou o presenciaran.
- A segunda correspondía á recollida de propostas para que estas situacións se deixen de dar. Respondendo á seguinte pregunta:

"Que che axudaría, para que esos estereotipos non condicionasen o acceso ou o trato recibido por parte do persoal que traballa nestos servizos esenciais?"

Estas son as propostas, resultado do traballo das persoas participantes de COGAMI, Down Galicia, Amaranta, APES, Dano Cerebral Galicia, Movemento pola Paz, ACCEM, Emaús e Provienda.





ESTEREOTIPOS QUE NON TE LIMITEN

XVI Encontro
de Participación

11.06.25
Santiago de Compostela

Organiza



Colaboran



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



ESCOLA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA


PROPOSTAS OBRADOIROS PREVIOS

1. Formación especializada das profesionais

- Que as persoas profesionais teñan máis empatía coas persoas que non falan o mesmo idioma.
- Obradoiros de mellora das habilidades sociais dos profesionais que atopamos polo camiño para os diferentes trámites aos que temos que enfrentarnos.
- Que as profesionais das diferentes áreas recurran ás entidades especializadas para solicitar información ou pedir referencias.
- Formación adecuada dos profesionais de servizos públicos e servizos básicos e maior atención á hora de recibir ás persoas e dar solucións en determinados casos.
- Formación en interculturalidade.
- Reciclaxe de profesionais.
- Educación en igualdade e respecto.
- Empatía, escoita activa, permitir coñecer ás persoas e brindar oportunidades.

2. Actividades de sensibilización

- Charlas de sensibilización e cursos sobre as particularidades de diferentes colectivos obrigatorios e de forma periódica.
- Actividades que permitan reunir a profesionais con persoas para poder desmontar estereotipos e prexuizos.
- Visibilizar problemáticas dende un sesgo non sensacionalista e cun tratamento axeitado.
- Campañas de sensibilización sobre os diferentes colectivos que convivimos na sociedade e sobre casos de éxito nos diferentes ámbitos que axuden a desmontar estereotipos.
- A creación dun entorno máis informado, comprensivo e inclusivo para as persoas.
- Máis información de forma xeral e en lugares estratéxicos sobre os diferentes colectivos e problemáticas.



ESTEREOTIPOS QUE NON TE LIMITEN

XVI Encontro
de Participación

11.06.25
Santiago de Compostela

Organiza



Colaboran



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE




ESCOLA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

3. Redución da burocracia e mellora no acceso á información

- Unha menor burocracia e maior rapidez á hora de resolver documentación
- Que como persoas que vamos acudir a eses servizos que recibamos formación/información para coñecer ferramentas e maneiras para “defendernos” así como para coñecer os nosos dereitos.
- Que as follas de reclamación se atopen nun lugar máis fácil de identificar.
- Acceso igualitario aos servizos e a unha integración social real.

4. Sancións e penalizacións

- Lexislar para sancionar ao persoal de funcionariado que realice e promova comentarios discriminatorios e discursos de odio.
- Posibilidade de que o persoal público sexa penalizado.



ESTEREOTIPOS QUE NON TE LIMITEN

XVI Encontro
de Participación

11.06.25
Santiago de Compostela

Organiza



Colaboran



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE




ESCOLA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

REIVINDICACIÓNS A PÉ DE RÚA

Como todos os anos, trasladamos as demandas recollidas traballadas nos grupos de traballo publicamente. Propostas que se engaden a un manifesto que este ano se leu, como novidade, na Praza da Exeria.

Trala lectura do manifesto, nesta edición procedeuse por primeira vez, a facer un minuto de silencio administrativo. Seguindo a estela do [Encontro Estatal de Participación de EAPN España](#), replicouse o acto reivindicativo, en sinal de protesta ante as trabas burocráticas e administrativas que a cotío afectan as persoas máis vulnerables.





ESTEREOTIPOS QUE NON TE LIMITEN

XVI Encontro
de Participación

11.06.25
Santiago de Compostela

Organiza



Colaboran



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



ESCOLA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

MANIFESTO: ESTEREOTIPOS, QUE NON TE LIMITEN

Hoxe celebramos o XVI Encontro Galego de Participación de persoas en pobreza e exclusión. Ao longo da xornada, estivemos a traballar na elaboración de propostas de mellora para erradicar situacións de discriminación por mor de estereotipos e prexuízos. Vemos fundamental que as administracións nos escoiten e poñan medios para que situacións discriminatorias non sucedan.

O acceso a servizos esenciais é un dereito básico das persoas. Os estereotipos e prexuízos non poden ser obxecto de limitación a estes recursos ou de maltrato por parte dos profesionais que os encabezan.


As persoas máis vulnerables son as dianas de estes estereotipos e prexuízos polo descoñecemento que se ten da súa realidade. De forma habitual, son protagonistas de esceas discriminatorias nas que se lles denega ou dificulta o acceso a bens básicos como a vivenda, emprego, servizos sociais, servizos lúdicos...

Os discursos do odio que inundan as redes sociais e os canais de mensaxería instantánea, perpetúan estes estereotipos e calan no imaxinario colectivo. É unha realidade a circulación de bulos e desinformacións que enchen as nosas pantallas e a total impunidade que existe ante os responsables destas prácticas.

Ningunha persoa está exenta de ser etiquetada cun estereotipo, así como de ser cómplice de promovelos. É preciso ter consciencia das repercusións que poden ter a propagación de estereotipos e prexuízos infundados, moitas veces, xeradores de discursos de odio. Repercusións tan graves como a restrición ou dificultade na accesibilidade a determinados servizos.

Hoxe reclamamos que os estereotipos non nos limiten. E para que non solo importe de palabra, reclamamos o seguinte:

- Sensibilización e formación continua ás profesionais que traballan de cara ao público na administración e entidades sociais.
- Sancións a profesionais que exerzan condutas ou tratos discriminatorios na administración pública, entidades sociais e/ou empresas.



ESTEREOTIPOS QUE NON TE LIMITEN

XVI Encontro
de Participación

11.06.25
Santiago de Compostela

Organiza



Colaboran



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



ESCOLA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

- Intervención do Estado tanto en políticas activas como políticas de control en todos os sectores, tendo en conta ao Terceiro Sector de Acción Social como interlocutor, facilitando os medios necesarios para a realización das súas funcións.
- Redución da burocracia e dos trámites na administración pública, mediante unha maior coordinación e colaboración entre os concellos, administracións e entidades sociais.

Moitas destas propostas van dirixidas a reducir a burocracia extrema que impide o acceso equitativo á información sobre dereitos e prestacións e a necesidade de humanizar e a unha maior empatía na atención nos nosos servizos públicos e sociais e nas propias entidades.

Queremos ter presente as demandas das propias persoas en situación de pobreza ou exclusión, reivindicadas baixo lemas como “As persoas primeiro”, “Somos persoas, non expedientes”, “Uns servizos sociais centrados nas persoas”.

A violencia administrativa –termo acuñado polas propias persoas afectadas– é lamentablemente un feito que ten que desaparecer. A excesiva burocracia, a fenda dixital ou a falta de equidade no acceso á información, son factores que contribúen a aumentar a desigualdade social.

Por iso este ano, e como xa se fixo no Encontro estatal de Participación, quérovos pedir un minuto de silencio, **un minuto de silencio administrativo, en protesta polas continuas trabas administrativas e burocráticas que sofren as persoas en pobreza e exclusión.**